

## **Resolución reitoral do 4 de xuño de 2026, da Universidade da Coruña, pola que se establece o primeiro prazo de solicitude de adaptacións para novo estudantado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso académico 2026/2027**

### **PREÁMBULO**

A Universidade da Coruña, no marco do seu compromiso coa igualdade de oportunidades e coa inclusión, promove medidas específicas de apoio ao estudantado que, por razóns de discapacidade ou outras circunstancias persoais, precise adaptacións que garantan o exercicio efectivo dos seus dereitos académicos.

Esta resolución ten por obxecto regular o primeiro prazo de solicitude de adaptacións dirixidas ao novo estudantado da UDC con necesidades específicas de apoio educativo, para o curso académico 2026/2027.

### **ARTIGO 1. PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderá solicitar as adaptacións reguladas nesta resolución o estudantado que estea matriculado ou teña previsto matricularse no curso académico 2026/2027, e que:

- a) Teña recoñecida algunha discapacidade.
- b) Presente necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións como TDAH, dislexia ou outras dificultades de aprendizaxe.
- c) Se atope noutras situacións que xustifiquen a necesidade de apoio e acompañamento.

### **ARTIGO 2. DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

As solicitudes de adaptacións para este curso académico serán valoradas polo equipo técnico da Unidade de Atención á Diversidade (ADI). O procedemento é o seguinte:

- a) Completar o formulario cos datos que se solicitan e aceptar a cláusula de protección de datos e mais as normas da Unidade: [SOLICITUDE E RENOVACIÓN DE ADAPTACIÓNS CURRICULARES](#)

b) Para a primeira solicitude de adaptacións, ademais de cubrir o formulario, hai que anexar a seguinte documentación:

- Unha copia do DNI.

- Documentación acreditativa do grao e tipo de discapacidade, ou, no caso de condicións sen recoñecemento de discapacidade, informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos actualizados.

- O xustificante de matrícula no curso 2026/2027 (poderá presentarse posteriormente se non está dispoñible no momento da solicitude).

- A declaración da renda do último exercicio (unicamente no caso de solicitar servizos como transporte adaptado, asistencia persoal ou ILSE).

c) Para a renovación da solicitude de adaptacións tense que achegar:

- Se hai algunha actualización da situación hai que entregar a documentación acreditativa do grao e tipo de discapacidade, ou, no caso de condicións sen recoñecemento de discapacidade, informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos actualizados (**única e exclusivamente é necesario se hai algunha actualización**).

### ARTIGO 3. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes deberán presentarse so de maneira telemática a través do seguinte formulario: [SOLICITUDE E RENOVACIÓN DE ADAPTACIÓNS CURRICULARES](#):

2. Despois dende a Unidade comunicarémonos co/a estudante para concertar unha cita , se é o caso.

3. A persoas que teñan dificultades para encher o formulario e completar a solicitude poden reservar unha cita co equipo técnico no seguinte URL:

<https://bookings.cloud.microsoft/book/UnidadedeAtencinDiversidade@udcgal.onmicrosoft.com/?ismsaljsauthenabed=true>

### ARTIGO 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O primeiro prazo para a presentación de solicitudes estará aberto **desde o día 8 de xuño ata o 17 de xullo de 2026**, ambos incluídos.

Non se admitirán solicitudes fóra de prazo.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL. PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña conforme o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, preferentemente a través do formulario habilitado na Sede Electrónica da UDC, ou dirixíndose á Secretaría Xeral da UDC ou á persoa delegada de protección de datos a través dos medios previstos na normativa vixente. Poderán, así mesmo, presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA. ENTRADA EN VIGOR**

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A vicerreitora de Igualdade e Diversidade

Cristina López Villar